

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONCESIÓN DA BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA ESPECIALIZADA NA OFICINA ESPAÑOLA DE TURISMO EN ROMA PARA OS ANOS 2021 E 2022 (TU981B)

Primeiro.- O día 30.04.2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia a RESOLUCIÓN do 19 de abril de 2021 pola que se regulan as bases para a concesión dunha bolsa de formación práctica especializada na oficina española de turismo en Roma durante os anos 2021 e 2022 (código de procedemento TU981B).

Segundo. A comisión de valoración valorou as solicitudes de conformidade co previsto na convocatoria e fixo públicos os resultados. Transcorrido o trámite de audiencia o órgano instructor formulou a proposta de resolución definitiva coas puntuacións definitivas das persoas candidatas ordenadas de maior a menor e propuxo para a adxudicación da bolsa á persoa que obtivo a mellor puntuación

Terceiro. De acordo co establecido nas bases da convocatoria e á vista dos informes formulados polo comité de valoración das solicitudes e a propostas de resolución definitiva do órgano instructor, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar á bolsa de Roma á seguinte persoa coa contía e duración que se indica no cadro que figura a continuación:

Apellido1	Apellido2	Nome	DNI	DESTINO	DURACIÓN	DATA PREVISTA INCORPORACIÓN	IMPORTE TOTAL
GARCÍA	LOUREIRO	NEREA	***2726**	OFICINA ESPAÑOLA DE TURISMO EN ROMA	18 meses	09.08.21	40.584,60 €

Segundo. Contra esta resolución poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
- Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

